

## **ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS I.E.S. "LUCUS AUGUSTI"**

Avda. Rodríguez Mourelos s/n 27002 Lugo

e-mail: [juangabriel.alvarez@usc.com](mailto:juangabriel.alvarez@usc.com)

### **BANCO DE LIBROS:**

Estimados pais e nais:

Reunido o equipo directivo de esta ANPA co gallo de analizar a conveniencia de continuar ou non co sistema de doazón de libros de texto xestionado por esta asociación, os membros de dito equipo

### **EXPOÑEMOS QUE:**

- a experiencia do ano pasado resultou, na nosa opinión, bastante caótica, porque se entregaron moitos libros de 2º e 4º de ESO, que cambiaban pola nova entrada da LOMCE, e moi poucos de 1º e 3º de ESO, que xa se cambiaran o curso anterior e, polo tanto, seguían vixentes nese momento. Polo que respecta a BAC, o número de doazóns foi sempre practicamente nula. Por todo isto, en moitos casos as familias doaron moitos libros e recibiron moi poucos (pensemos nun exemplo dun alumno que pasa de 1º ou 3º para 2º ou 4º de ESO ...).
- a xestión de dito banco vese totalmente condicionada por axentes alleos a nós, véndonos obrigados a retrasar a entrega dos lotes de libros ata que o curso xa está en marcha, o cal tamén incomoda moito ás familias, sobre todo se, despois de tanta espera, non conseguen os libros que esperaban e teñen que mercalos nese momento. Como ben sabedes, debemos esperar a que se publiquen as listas dos libros que lle corresponden ós alumnos e alumnas que reciben axudas da Xunta de Galicia, para evitar que estes reciban libros repetidos, e outros queden sen eles (estas listas publicáronse o ano pasado na segunda quincena de setembro).
- algunhas ou moitas familias fixeron xestións pola súa conta, vendendo e comprando libros. Non queremos criticar esta opción, pero se todas as familias facemos o mesmo en lugar de doar desinteresadamente, o banco de libros perde todo o seu sentido. Está claro que, **se todos doamos, todos recibimos máis.**
- con todos estes argumentos e sentíndonos cada ano menos apoiados polas propias familias, pois cada vez son menos as que acoden ás convocatorias de reunión para toma de decisións e intercambio de opinións,

### **DECIDIMOS**

**NON ORGANIZAR O BANCO ESTE ANO 2017.**

Agradecemos que nos fagades chegar as vosas suxestións ó enderezo electrónico que figura ó comezo da carta.

Asdo: Juan Gabriel Álvarez  
Presidente da ANPA

Lugo, 16 de xuño de 2017